



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Palabra NON relacionada coa vista:

- A) Torto.
- B) Chosco.
- C) Bilocular.
- D) Birollo.

2. Indique a secuencia en que todas as palabras son correctas:

- A) Receita, vacuna, cóvado, bile, omóplata.
- B) Receita, vacina, cóbado, bile, omoplata.
- C) Receita, vacina, covado, bile, omóplato.
- D) Receta, vacina, cobado, bilis, omoplato.

3. Alteración máis ou menos grave das funcións do organismo:

- A) Doutor.
- B) Pel.
- C) Dente.
- D) Doenza.

4. Sinale a frase lingüísticamente correcta:

- A) A dor torácica sentida en calquera punto do peito, entre o pescozo e a parte alta do abdome, parecía real.
- B) O dor torácico sentido en calquera punto do peito, entre o pescozo e a parte alta do abdome, parecía real.
- C) A dor torácica sentida en calquer punto do peito, entre o pescozo e a parte alta do abdomen, parecía real.
- D) O dor torácico sentido en calquer punto do peito, entre o pescozo e a parte alta do abdomen, parecía real.

5. Peche das pálpebras por adhesión ou espasmo:

- A) Catarata.
- B) Catamnese.
- C) Cataclese.
- D) Cavite.

6. Se a bilateralidade engloba ambos lados, cal sería a resposta correcta?

- A) Dereita e esquerda.
- B) Dereita e esquerda.
- C) Dereita.
- D) Izquierda.

7. Palabra que define a cegueira, especialmente cando non existe lesión no ollo senón que a lesión ocorre en estruturas do sistema nervioso:

- A) Anisopía.
- B) Amaurose.
- C) Anoftalmía.
- D) Anosmia.

8. Sinale a opción lingüísticamente correcta:

- A) O simple e sencillo xesto de chamar aos doentes polo seu nome establece un ponte de confianza e os volve máis receptivos.
- B) O simple e sinxelo xesto de chamar aos pacientes polo seu nome establece un ponte de confianza e os volve máis receptivos.
- C) O simple e sinxelo xesto de chamar aos doentes polo seu nome establece unha ponte de confianza e os volve máis receptivos.
- D) O simple e sinxelo xesto de chamar aos pacientes polo seu nome establece unha ponte de confianza e os volve máis receptivos.

9. Escolla a secuencia correcta:

- A) Inxección–olfacto–flegmón–prognóstico–xerme
- B) Inxección–ulfato–flemón–pronóstico–xerme
- C) Inxeción–olfato–flegmón–prognóstico–xermen
- D) Inxección–olfacto–flemón–pronóstico–xerme

10. Cal das seguintes alternativas é lingüísticamente correcta?

- A) Nome e apelidos, dirección e teléfono móbil de contacto.
- B) Nome e apelidos, dirección e teléfono móvil de contacto.
- C) Nome e apellidos, enderezo e teléfono móvil de contacto.
- D) Nome e apelidos, enderezo e teléfono móbil de contacto.

Preguntas de reserva

1. Cal das seguintes enfermidades está escrita en castelán:

- A) Bronquite.
- B) Sarampelo.
- C) Variola.
- D) Neumonía.

2. Que alternativa describe a inflamación da cute palpebral?

- A) Blefarolitíase.
- B) Blefaroclese.
- C) Blefarofimose.
- D) Blefarodermatite.